

ESTRUCTURA ARQUIVO NA PÁXINA WEB

FICHA TÉCNICA

Acceso
Horarios
Enderezos
Servizos
Recursos

LOCAL

FONDOS E COLECCIÓN

Fondo da Deputación Provincial
 . Descrición
 . Cadro de clasificación
 . Inventario

Outros Fondos
 Públicos
 Privados

Coleccións audiovisuais
 Imaxe fixa
 Audiovisuais
 Gravacións sonoras

ARQUIVO DEPUTACIÓN

*FICHA TÉCNICA

-Acceso

Acceso libre sen requisitos específicos, agás os derivados da lexislación estatal e autonómica vixente.

Todos os cidadáns teñen dereito a acceder ós arquivos e rexistros administrativos da Deputación conforme o art. 105 da Constitución e demais disposicións vixentes.

O dereito de acceso a rexistros, arquivos e á información pode limitarse para aqueles documentos que segundo a lexislación conteñen datos ou información que, pola súa consulta pública poidan lesionar os dereitos doutras persoas ou colectivos.

-Horario

De luns a venres, de 8´30 a 14´30
Todo o ano, excepto festivos

-Enderezo

Rúa Padre Amoedo nº 1
36001 PONTEVEDRA
Teléfonos: 986 844 604 – 986 844 363
Fax : 986 844 604 – 986 844 363
E-mail: arquivo.central@deputación.depontevedra.es
Dirección páx. web: www.depontevedra.es

-Servizos

***Servizo á propia Deputación**, que inclúe a información, en calquera fórmula, ou o préstamo directo de todo documento orixinal.

***Servizo a outras administracións públicas**, mediante consulta, copias e certificacións, daqueles documentos que lles sexan necesarios para o desenvolvemento das súas funcións recoñecidas por lei. Tamén a comunicación dos datos contidos no arquivo que necesiten por motivos históricos, científicos ou culturais.

***Servizo ós cidadáns**, dende a premisa de que inicialmente os cidadáns poden consultar calquera documento, excepto aqueles que conteñan datos de acceso restrinxido pola lei.

Inicialmente pode consultarse directamente ou obter informes, copias, certificacións e compulsas de todo documento de libre acceso, salvo que se prexudicara de forma sensible a conservación do documento, ou que entorpeza o normal desenvolvemento do servizo.

***Servizo ós investigadores**, co fin de contribuír e fomentar a investigación histórica tanto da provincia de Pontevedra coma das diferentes entidades locais que a forman, estimulando especialmente o uso e consulta dos fondos documentais, sen límite temporal e co uso dos medios de información e reprografía dispoñibles.

***Difusión cultural**, pola que o arquivo, dentro da planificación xeral do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, procura a difusión e dinamización do patrimonio documental mediante a organización das actividades culturais posibles: xornadas de historia e heráldica, cursos de formación, exposicións, publicacións, visitas...etc.

-Recursos

Para poder ofrecer os diferentes servizos dispón a arquivo dunha serie de recursos, medios e equipamentos:

*Sala de lectura para consulta directa dos fondos.

*Acceso directo ós diferentes instrumentos de descrición, tanto en soporte tradicional -fichas e papel - coma informático.

*Lector- reproductor de microfilme e microfichas.

*Lector de vídeo

*Proxector de vídeo e DVD

*Reproducción de documentos mediante fotocopia, tanto de papel coma de microformas.

*Reproducción en CD e DVD

*Acceso gratuíto xustificado a Internet

*Biblioteca auxiliar especializada en arquivística para consulta dos usuarios constituída basicamente por manuais, obras de referencia e instrumentos de descrición e información doutros arquivos.

LOCAL

O Arquivo, xunto cos demais servizos da Deputación, instálase, tras unha breve estancia na rúa Costa de Santa María, no desamortizado convento de San Francisco onde permanece ata 1890, ano no que se traslada á nova sede do actual Pazo provincial.

Na actualidade o Arquivo da Deputación, amén dun espacio no propio Pazo destinado á recepción documental transferida, ocupa na planta baixa do edificio situado entre as rúas Padre Amodeo, Pai Sarmiento e a edificación do antigo convento dos Xesuítas, á que se une nos puntos extremos.

Esta edificación foi reformada entre os anos 1981 e 1983 para instalar o arquivo na planta baixa e salas de exposicións do Museo e vivenda nas plantas superiores.

A planta dedicada ó arquivo conta cunha superficie total de 443 m² con dúas fachadas á rúa. Esta superficie inclúe tanto os dous depósitos documentais coma as áreas de traballo e servizo, tanto do arquivo coma do Servizo de Publicacións, o que conlevou en sucesivas ocasións reformas interiores e adaptacións permanentes na procura dun mellor aproveitamento espacial.

En todo caso, de forma inminente iniciárase a reforma integral do edificio, o que proporcionará unhas instalacións modernas e espaciaosas, adecuadas para o desenvolvemento das actuacións e servizos que se veñen prestando. Entre as premisas do proxecto destaca o resalte da edificación mediante unha entrada impactante, destacando o corpo central do edificio, que se transforma nun corpo transparente e diáfano, que abre o edificio á cidade.

O proxecto, obra do arquitecto José Enrique Pérez-Ardá Criado, propón unha nova distribución interna con cinco plantas: dous sotos para depósito de fondos documentais cunha superficie de 1.100 m², nos que se prevé a instalación de estantería compactada; unha planta baixa cun gran patio distribuidor central, despachos e zonas de servizos comúns como salón de usos múltiples. Nas plantas superiores irán zonas de traballo e consulta das diferentes seccións do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico: arquivo, biblioteca e publicacións, cada un deles cos seus medios e instalacións inherentes.

FONDOS E COLECCIÓN

O Arquivo da Deputación de Pontevedra conserva e dispón especialmente o fondo documental xerado pola institución no desenvolvemento das súas funcións e servizos.

Xunto con este patrimonio dispón doutros fondos documentais debidamente individualizados que por vías e causas diversas recibidas no seu día, tanto de carácter público ou institucional coma privado e familiar.

Por último, cóntase cun conxunto de coleccións audiovisuais en diferentes soportes, de gran valor informativo e a disposición de posibles usuarios.

-FONDO DEPUTACIÓN

*Descrición

Fondo DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Código de referencia

ES.36038.ADP

Título

Deputación Provincial de Pontevedra

1.3. Data (s)

1750 – 2004

1.4. Nivel de descrición

Fondo

1.5 Volume da unidade de descrición

23.186 unidades de instalación

ÁREA DE CONTEXTO

Productor (es)

Deputación Provincial

Datas extremas do produtor

1836-2003

Historia institucional

En Galicia, a primeira Deputación constitúese o 19 de marzo de 1813, presidida polo marqués de Campo Sagrado, contando cun vicepresidente e sete vocais representando as sete cidades capitais das antigas provincias.

O nacemento da provincia como entidade local con vida propia data da Constitución de Cádiz, aprobada no ano 1812, que estableceu por vez primeira no seu artigo 325 unhas institucións, as deputacións provinciais, concibidas como órgano rector de cada unha delas, presididas polo xefe superior e con funcións básicas de control e vixilancia da administración dos lugares que integran aquela.

Haberá que esperar ata o decreto das Cortes de 27 de xaneiro de 1822 para que se plasme unha nova división provincial que divide a Galicia nas catro provincias actuais, con pequenas variacións, asignándose a capitalidade da provincia actual á Vigo, onde se constituirá a Deputación Provincial o 24 de maio de 1822, chegando a funcionar algo máis dun ano, data na que volven ser suprimidas pola restitución do rei Fernando VII. Co decreto de 30 de novembro de 1833, inspirado por Javier de Burgos, iníciase o proceso definitivo que culmina coa restitución das catro provincias galegas actuais e a constitución das Deputacións actuais, sendo o 12 de febreiro de 1836 cando se constitúe definitivamente a de Pontevedra, logo de certas disputas coa cidade de Vigo, reticente a perder a capitalidade.

Desde o ano 1836 ata hoxe, a Deputación vén desempeñando con total continuidade un amplo abano de funcións e actividades, que foron variando de acordo coa lexislación aplicable en cada momento. Inicialmente, a Constitución de Cádiz asígnalle as funcións de aprobar os repartimentos das contribucións dos pobos da provincia, velar pola axeitada investimento dos fondos públicos, coidar o establecemento dos concellos, propoñerlle arbitrios ó Goberno, promover a educación, a agricultura e a industria, formar o censo e a estatística provincial, coidar dos centros benéficos e dar conta das infraccións que xurdan na provincia.

A lexislación actual asígnalle as competencias propias de coordinar os servizos municipais entre si para garantir a súa prestación adecuada; a asistencia xurídica, económica e técnica ós concellos; a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, en xeral, o fomento dos intereses particulares da provincia.

Este cúmulo de xeneralidades que se vén mantendo en toda a lexislación local provocou unha serie de actuacións moi diversificadas, das que quedarán moitos testemuños documentais e que se reflicten no cadro de clasificación do fondo documental desta institución.

As modificacións alcanzaron tamén a propia organización da institución e a designación, competencias e denominación dos seus órganos de goberno e órganos administrativos.

O órgano unipersonal que dirixe a Deputación é inicialmente o xefe político, antecedente directo do gobernador civil, sendo o primeiro presidente desta institución D. Miguel del Pino. En 1863 establécese que a Corporación elixa entre os seus membros un

presidente para cada sesión, pero logo o sexenio revolucionario volve á figura do gobernador civil- presidente de facto. Será a lei de 1870 a que estableza a figura do presidente para un período de sesións, sendo nomeado polo propio gobernador civil ou pola Corporación dependendo do momento. Con posterioridade, na maior parte das ocasións será o gobernador o que nomee directamente ó Presidente e non será ata o ano 1950 cando apareza a figura do presidente da Deputación como órgano diferenciado e independente do gobernador civil, que aínda así e todo permanecerá como presidente nato da institución ata 1978. No período democrático o presidente e un órgano electo, de forma indirecta, entre e polos deputados provinciais.

Nun principio o número de deputados que integraban o Pleno da Corporación era de sete, un por partido xudicial, variando sucesivamente tanto a fórmula de elección coma o número total destes, alcanzando na actualidade un total de 27 deputados, como representación proporcional ó número de habitantes de cada Partido Xudicial.

Esta estrutura complétase con outros órganos colexiados estables, ademais das variables comisións informativas e especiais creadas en cada período. A Comisión Provincial permanente funciona desde os inicios deica o ano 1932, convivindo co Consello Provincial (creado en 1845), logo substituído pola Comisión Provincial (1870). Desde esa data ata 1949 desenvolve as súas funcións a Comisión Xestora. Esta Comisión desaparecerá dando paso á Comisión Provincial de Servizos Técnicos (1950) e, posteriormente, a Comisión de Goberno (1978), órgano que permanece na actualidade.

Historia arquivística

Cabe supoñer co arquivo debeu crearse o tempo da primeira instalación da Deputación o 12 de febreiro de 1836.

O arquivo da Deputación de Pontevedra conserva e dispón especialmente o fondo documental xerado pola institución no desenvolvemento das súas funcións e servizos.

Xunto con este patrimonio dispón doutros fondos documentais debidamente individualizados que por vías e causas diversas recibidas no seu día, tanto de carácter público ou institucional coma privado e familiar.

O Arquivo, xunto cos demais servizos da Deputación, instálase, tras unha breve estancia na rúa Costa de Santa María, no desamortizado convento de San Francisco onde permanece ata 1890, ano no que se traslada á nova sede do actual Pazo provincial.

Na actualidade o Arquivo da Deputación, amén dun espacio no propio Pazo destinado á recepción documental transferida, ocupa na planta baixa do edificio situado entre as rúas Padre Amoedo, Pai Sarmiento e a edificación do antigo convento dos Xesuítas, á que se une nos puntos extremos.

Esta edificación foi reformada entre os anos 1981 e 1983 para instalar o arquivo na planta baixa e salas de exposicións do Museo e vivenda nas plantas superiores.

A planta dedicada ó arquivo conta cunha superficie total de 443 m² con dúas fachadas á rúa. Esta superficie inclúe tanto os dous depósitos documentais coma as áreas de traballo e servizo, tanto do arquivo coma do Servizo de Publicacións, o que conlevou en sucesivas ocasións reformas interiores e adaptacións permanentes na procura dun mellor aproveitamento espacial.

En todo caso, de forma inminente iniciárase a reforma integral do edificio, o que proporcionará unhas instalacións modernas e espaciaosas, adecuadas para o desenvolvemento das actuacións e servizos que se veñen prestando. Entre as premisas do proxecto destaca o resalte da edificación mediante unha entrada impactante, destacando o corpo central do edificio, que se transforma nun corpo transparente e diáfano, que abre o edificio á cidade.

O proxecto, obra do arquitecto José Enrique Pérez-Ardá Criado, propón unha nova distribución interna con cinco plantas: dous sotos para depósito de fondos documentais cunha superficie de 1.100 m², nos que se prevé a instalación de estantería compactada; unha planta baixa cun gran patio distribuidor central, despachos e zonas de servizos comúns como salón de usos múltiples. Nas plantas superiores irán zonas de traballo e consulta das diferentes seccións do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico: arquivo, biblioteca e publicacións, cada un deles cos seus medios e instalacións inherentes.

Forma de ingreso

Por transferencias dende os diferentes servizos

ÁREA DE CONTIDO E ESTRUCTURA

Alcance e contido

A riqueza e a variedade da información acumulada e o amplo período referenciado así como unha certa continuidade deste, salvo lagoas dos anos do primeiro tercio do século XIX, avalan a idoneidade desta documentación para multiplicidade de estudos e investigacións.

E así merecen destacarse, entre outros, na sección de Goberno, os documentos que reflicten a creación e modificación dos diferentes concellos que integran a provincia, por ser este un proceso no que sempre interveu a Deputación; así como os libros de actas dos órganos colexiados, que recollen unha riquísima información e que se conservan integramente, mantendo a secuencia cronolóxica desde o período de sesións inicial (acta de constitución da Deputación de 12 de febreiro de 1836; as resolucións presidenciais, que son o resultado da capacidade normativa e resolutoria deste órgano unipersoal.

Por outra parte, o fondo inclúe algunha documentación anterior á creación da Deputación por considerarse antecedente directo e ter a continuidade oportuna na mesma serie en épocas posteriores, destacamos as seguintes series:

Expedientes de división territorial desde 1833

Expedientes de camiños, estradas e fontes desde 1830

Expedientes de visitas as Devesas Reais e Plantíos desde 1748

Expedientes de quintas desde 1834

Expedientes de sanidade desde 1833

Expedientes de beneficencia desde 1786

Expedientes de educación desde 1834

Expedientes de Contaduría de propios e arbitrios desde 1759 a 1856, referida ó control económico dos cotos, xurisdiccións e concellos

Valoración, selección e eliminación

A documentación sofre o primeiro e único proceso selectivo nas propias oficinas que os producen, previamente ó envío ó arquivo, non realizándose nos últimos anos ningún proceso de expurgo selectivo nin xeral, agás documentación de rendas (recadación) e exaccións (Oral). Documentación de conservación permanente.

Novos ingresos

Ó ser un fondo aberto recíbense transferencias dos diferentes servizos, fixada de antemán a través dun calendario de transferencias anuais.

Organización

O fondo organizouse seguindo un criterio de clasificación orgánico-funcional, co resultado do actual cadro de clasificación, artellado arredor de catro seccións, referidas sucesivamente a xestión dos órganos de goberno colexiados e unipersoais, o funcionamento administrativo, a xestión de servizos e, por último ó control e xestión orzamentario. Cada unha destas seccións subdivídese en subseccións e estas en series e subseries, atendendo á variedade da tipoloxía documental a as series existentes.

CADRO DE CLASIFICACIÓN

1.GOVERNO

1.1. XEFE POLÍTICO/ GOBERNADOR CIVIL	1834-1998
1.2. PRESIDENTE	1925-1998
1.3. PLENO DEPUTACIÓN	1824-1999
1.4. COMISIÓN PERMANENTE/ GOBERNO	1837-1999
1.5. COMISIONS INFORMATIVAS E ESPECIAIS	1877-1999

2. ADMINISTRACIÓN

2.1. SECRETARÍA	1874-1998
2.2. REXISTRO	1930-1998
2.3. PATRIMONIO	1854-2000
2.4. PERSOAL	1834-2000
2.4.1. ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL	1834-2000
2.4.2. DISCIPLINA E CONTROL	1852-2000
2.4.3. CLASES PASIVAS/ S.S./ MUTUALIDADES	1914-1999
2.4.4. SELECCIÓN DE PERSOAL	1834-2000
2.4.5. REPRESENTACIÓN DO PERSOAL	1962-2000
2.5. ASESORÍA XURÍDICA	1871-1996
2.6. CONTRATACIÓN	1855-2000
2.7. ARQUIVO	1834-2002

3.SERVIZOS

3.1. ARQUITECTURA	1877-1999
3.2. VÍAS E OBRAS. URBANISMO	1788-2001

3.3. COOPERACIÓN	1946-2000
3.4. AGRICULTURA, GANDERÍA, PESCA, INDUSTRIA. TURISMO	1750-1996
3.4.1. AGRICULTURA	1829-1995
3.4.2. FORESTAL	1750-1993
3.4.3. GANDERÍA	1837-1989
3.4.4. PESCA, CULTIVOS MARIÑOS	1837-1989
3.4.5. INDUSTRIA. COMERCIO	1833-1995
3.4.6. TURISMO	1956-1996
3.4.7. TRANSPORTES. COMUNICACIÓNS	1851-1911
3.5. SEGURIDADE CIDADÁ	1810-1928
3.6. SANIDADE	1832-1995
3.7. BENEFICENCIA E ASISTENCIA SOCIAL	1786-1998
3.8. EDUCACIÓN	1834-1998
3.9. CULTURA	1829-2003
3.10. DEPORTES	1968-1996
3.11. CPAM	1988-2001
3.12. QUINTAS E MILICIAS	1830-1978
3.13. ELECCIÓNS	1836-1980
4. FACENDA	
4.1. INTERVENCIÓ	1833-1999
4.1.1. ORZAMENTOS ORDINARIOS	1833-1999
4.1.2. ORZAMENTOS ESPECIAIS	1935-1982
4.1.3. ORZAMENTOS EXTRAORDINARIOS	1928-1984
4.1.4. ORZAMENTOS DE INVESTIMENTOS	1981-1982
4.2. FINANCIACIÓN E TRIBUTACIÓN	1817-2000
4.2.1. RENDAS E EXACCIÓNS	1839-2000
4.2.2. ARBITRIOS PROVINCIAIS	1932-1984
4.2.3. CONTRIBUCIÓNS / REPARTIMENTOS	1924-1992
4.3. TESOURERÍA	1856-1995
4.4. CONTROL ECONÓMICO DOS CONCELLOS	1759-1984

ÁREA DE CONDICIÓN DE ACCESO E UTILIZACIÓN

4.1. Condición de acceso

O acceso é libre, coas restriccións impostas na lexislación estatal e autonómica, é dicir, os documentos que conteñen datos persoais ou que afecten á intimidade das persoas.

4.2. Condición de reprodución

A reprodución está limitada polas condicións de conservación

4.3. Lingua/escritura

Uso preferente do castelán na totalidade do fondo documental, con documentación en galego e máis ocasionalmente en latín.

4.4. Características físicas e requisitos técnicos

A documentación atópase en xeral en bo estado de conservación, sendo os soportes diversos, maiormente en papel, pero tamén en pergamiño, microformas, cintas magnetofónicas, CDs, DVDs, vídeos, celuloide...

4.5. Instrumentos de descrición

- Inventario xeral do fondo
- Bases de datos informatizada con descrición a nivel de unidade documental, con acceso para investigadores.
- Bases de datos informatizada dos acordos das sesións do Pleno, das Comisións e Permanentes desde 1836, (en elaboración)
- Guía do Arquivo de Deputación. 2004 (en imprenta)

ÁREA DE MATERIAIS RELACIONADOS

Existencia / localización dos documentos orixinais

Existencia / localización de copias

Unidades de descrición relacionadas

Notas de Publicacións

-López, Pedro:

***Fariña Jamaro, X., Pereira Figueroa, M. A. : A Deputación de Pontevedra:1836-1996
Pereira Figueroa, Miguel: Datos documentais de “Monte del Común” en el Archivo
de esta Deputación. Pontevedra: Deputación Provincial, 1979.***

Pereira Figueroa, Miguel: “Han pasado 144 años”.

Artigo de“ Pontevedra: Publicación semestral año 1982. 2º semestre”.Nº 1-2, páx. 99-116.

ÁREA DE NOTAS

Notas

No propio fondo da Deputación inclúese algunha documentación anterior á súa creación por considerarse antecedente directo e ter a continuidade oportuna na mesma serie en épocas posteriores. Este é o caso da documentación da Contaduría de propios, que conserva documentación desde 1760 ata 1852, referida ó control económico dos coutos, xurisdiccións e concellos, función asumida xunto coa documentación oportuna pola Deputación Provincial e coa continuidade na serie de orzamentos especiais. Así mesmo, as subseccións de quintas (1834), sanidade (1833), educación (1834) ou nas series de contas municipais ou censos electorais (1832), montes (Reais Devesas e plantíos, 1790).

ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN

Nota do arquivista

Descrición realizada polo persoal técnico do Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra e colaboradores.

Regras ou normas

ISAD (g) Norma Internacional General de Descripción Archivística

Data da descrición

2003-2004

*Cadro de clasificación

*Inventario

OUTROS FONDOS DOCUMENTAIS

A necesidade de custodiar debidamente os documentos producidos por institucións suprimidas, das que se herdou ou non competencias, obrigou a reunir no arquivo como fondo individualizado o conxunto de documentos de carácter público, con gran valor testemuñal, dun total de once entidades e organismos, entre os que se podería destacar o fondo da Inclusa, como testemuño da realidade social dos anos nos que estivo en activo.

Por outra banda, os fondos de carácter privado, aínda que o volume é pequeno, teñen unha importancia transcendental, como complemento de evolución histórica, social e económica da provincia de Pontevedra. Son un conxunto de coleccións documentais de diversa procedencia, entre os que destaca, pola súa información e volume, o arquivo da familia Caamaño.

*Públicos

Arquivo da Unión de Periodistas

NOME: F.E.3. UNIÓN DE PERIODISTAS DE PONTEVEDRA

DATAS EXTREMAS: 1982-1985

VOLUME: 3 unidades de instalación.

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: a Asociación de Periodistas de Pontevedra foi creada a mediados do ano 1982 e funcionou ata mediados de 1985. Non coñecemos os seus estatutos nin a súa finalidade específica que, supoñemos, sería a defensa e mellora da súa actividade profesional. Organicamente contaba cunha xunta directiva e unha asemblea xeral. Estaba integrada na Federación Nacional de Unións de Periodistas e tiña diferencias coa Asociación de Prensa da provincial. O seu presidente foi José Francisco Armesto e o vicepresidente Pedro Antonio Rivas.

FORMA E DATA DE INGRESO: esta documentación entregoulla ó Arquivo para a súa custodia e tratamento no ano 1994 pola periodista Pilar Fariña cando se dissolveu a asociación. Non se esperan novos ingresos.

CONTIDO: a pesar de ser un fondo pouco voluminoso, tanto as actas coma a documentación dos seus afiliados pode ter certo interese para o coñecemento deste colectivo profesional. Ademais da documentación consérvanse así mesmo cuños, anagramas, diplomas e unha placa conmemorativa.

ORGANIZACIÓN: ten un sinxelo cadro de clasificación elaborado no Arquivo.

1. DIRECCIÓN

- Libros de actas
- Libros de contabilidade

2. ASOCIADOS

- Comisión de Admisión
- Expedientes persoais

3. MATERIAIS ESPECIAIS

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: dispón de inventario detallado en soporte tradicional e informatizado, cunha base de datos con 12 rexistros.

[Arquivo da Junta Provincial de Ordenación Económico-social.](#)

NOME: F.E. 4. JUNTA PROVINCIAL DE ORDENACIÓN ECONÓMICO - SOCIAL

DATAS EXTREMAS: 1946-1960.

VOLUME: 13 unidades de instalación.

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: por Decreto de 21 de xaneiro de 1946 créase a Secretaría Xeral para a Ordenación Económico-Social dependente da Presidencia do Goberno como órgano permanente de coordinación dos distintos departamentos ministeriais para elaborar un plan quinquenal que fomente a xustiza social marcada polo Réxime. Esta xunta provincial constitúese o 18 de marzo de 1946. Estaba presidida polo gobernador civil e integrada por un amplo número de vocais como o presidente da Deputación, o xefe Provincial de Sanidade, o gobernador militar, o arcepreste do Morrazo, o alcalde da capital e outros responsables do fomento xeral desta provincia. Deixa de funcionar no ano 1960.

FORMA E DATA DE INGRESO: sempre estivo nas oficinas da Deputación porque os traballos administrativos levábaos persoal desta institución. Foron transferidos ó Arquivo polo Servizo de Cooperación.

CONTIDO: é unha interesante documentación para o estudo das necesidades básicas dos municipios que se traduce documentalmente basicamente en estados, estatísticas e

correspondencia que reflicten as carencias destes anos da posguerra na provincia. Achegan información sobre poboación, infraestructuras e fundamentalmente sobre o paro obreiro.

ORGANIZACIÓN: o seu cadro de clasificación estrutúrase en dúas seccións.

1. ADMINISTRACIÓN

- Actas
- Correspondencia
- Prensa

2. ACTUACIÓNS EN CONCELLOS

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: dispón de inventario detallado en soporte tradicional e informatizado, cunha base de datos con 118 rexistros.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NO ARQUIVO: complementábase coa documentación xerada polo Servizo de Cooperación provincial.

Arquivo da Junta de Ayuda a Municipios

NOME: FE 6. JUNTA DE AYUDA A MUNICIPIOS

DATAS EXTREMAS: 1945-1965

VOLUME: 100 unidades de instalación.

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: depende organicamente da Dirección General de Regiones Devastadas do Ministerio de Gobernación. Presidido polo gobernador civil e tendo representación doutros moitos organismos, como a Deputación, o Movemento Nacional, a Delegación de Hacienda, e delegacións de diversos ministerios. Nace para posibilitar a realización de obras e proxectos nos pequenos concellos da provincia. Descoñécese a data exacta da súa desaparición como xunta independente dentro da Obra Social del Movimiento. O seu labor foi asumido polo Servizo de Cooperación da Deputación.

FORMA E DATA DE INGRESO: pola súa finalidade de apoio ós concellos identifícase co que será o Servizo de Cooperación da Deputación e, incluso, coincidiu varios anos con el; este último transferiulle máis tarde a documentación ó Arquivo.

CONTIDO: información relativa ás obras realizadas nos diversos concellos; pero o máis interesante deste fondo son as fotografías conservadas nos expedientes, que nos deixan constancia de pontes e pontóns, lavadoiros, fontes, casas dos concellos, camiños e centros rurais de hixiene. Non se esperan novos ingresos, polo que se considera un fondo pechado.

ORGANIZACIÓN: dispúxose en dúas series:

- Documentos xerais

- Expedientes de obras por concellos

INSTRUMENTOS DE DESCRIPCIÓN: dispón de inventario detallado en soporte tradicional e informatizado, cunha base de datos composta por 2.344 rexistros.

DOCUMENTACIÓN RELACIONADA NO ARQUIVO: relaciónase coa documentación xerada polo Servizo de Cooperación provincial.

[Arquivo do Instituto Nacional de Colonización.](#)

NOME: FE 7. INSTITUTO NACIONAL DE COLONIZACIÓN

DATAS EXTREMAS: 1955-1963

VOLUME: 20 unidades de instalación.

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: o INC nace por decreto do Ministerio de Agricultura en outubro de 1939 ó suprimirse o Instituto Nacional de Reforma Agraria; Lei 27 de abril de 1946 ampliáanse as disposición anteriores, incidindo máis en atopar solucións ós pequenos problemas sociais do campo. Para facer realidade as disposicións de interese local levouse a cabo un convenio entre a Deputación e o Instituto Nacional de Colonización en 1955. Este convenio establece que os proxectos correrán a cargo da Xefatura Agronómica da provincia con persoal designado a proposta da Deputación. Tamén se compromete esta a concederlles préstamos a particulares e institucións delegando na Caixa de Aforros Provincial o exercicio dos dereitos e facultades e o cumprimento das obrigacións derivadas do convenio. No ano 1963 preténdese unha modificación do contrato que é rexeitada; houbo así mesmo outro intento de cambio relacionado coas funcións da Caixa de Aforros como organismo colaborador que tampouco acepta o Instituto. O convenio non foi revogado nin renunciou ningunha das partes pero deixou de funcionar por conxelación dos créditos e outros problemas en 1962. Este organismo tivo como obxectivo axudarlles ós agricultores e gandeiros con subvencións para regadíos, invernadoiros, galiñeiros, alpendres, silos e outras explotacións do ámbito rural.

FORMA E DATA DE INGRESO: documentación transferida polo xefe da súa unidade administrativa, Sr. Crespo Alfaya, que era, ó mesmo tempo, funcionario da Deputación.

CONTIDO: documentación de trámite sen maior interese histórico, comprende expedientes de tres clases: subvencións, anticipos e auxilios técnicos para pequenas obras no rural.

ORGANIZACIÓN: cun cadro de clasificación moi sinxelo organízase en dúas series documentais ordenadas cronoloxicamente:

- Expedientes xerais.
- Expedientes individuais de subvencións a particulares.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: dispón de inventario detallado en soporte tradicional e informatizado, cunha base de datos composta por 1.214 rexistros.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NO ARQUIVO: ten relación con documentación xestada polo Servizo de Agricultura desta Deputación.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NOUTROS ARQUIVOS: fondos transferidos ó Arquivo Histórico Provincial pola Delegación Provincial de Agricultura.

Arquivo do Colegio Oficial de Arquitectos de Pontevedra

NOME: FE 10 COLEGIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE PONTEVEDRA

DATAS EXTREMAS: 1932-1999

VOLUME: 2.238 unidades de instalación.

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: o 12 de xullo de 1931 constitúese o Colegio Oficial de Arquitectos de León, que englobaba os das rexións de León, Asturias e Galicia. Por segregación del crease por Decreto, en maio de 1973, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia pola iniciativa de arquitectos galegos como Xosé Bar Boo e César Portela Fernández-Jardón. A partir desta data comeza un labor encamiñado a solucionar os problemas profesionais e a incidencia de aspectos culturais, sociais, económicos e de planeamento. A xestión directiva correspóndelle á Xunta de Goberno e ó seu decano-presidente. A súa estrutura organizativa asentase en dúas bases, a xeral, cos órganos centrais na sede de Santiago de Compostela, e a territorial, coas delegacións da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago e Ferrol.

FORMA E DATA DE INGRESO: 2002, por iniciativa do colexio e a través da súa presidenta dona Teresa Táboas.

CONTIDO: está basicamente constituído por proxectos de obras dos anos 1973 a 1982, aínda que aparecen algúns anteriores (1969) e posteriores (1999). Os libros de contas dos arquitectos arrancan coa data de 1932.

ORGANIZACIÓN: está organizado en dúas series

1. CONTAS

2. PROXECTOS

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NO ARQUIVO: complementase coas series de Arquitectura do cadro de clasificación da Deputación.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NOUTROS ARQUIVOS: no Arquivo do Reino de Galicia atópanse os fondos documentais das delegacións do Colexio de Arquitectos de Galicia da Coruña e Vigo, cunhas datas extremas que abarcan de 1945-1978 e 1955-1978 respectivamente.

Arquivo da Junta Provincial de Electrificación.

NOME: FE 11. JUNTA PROVINCIAL DE ELECTRIFICACIÓN

DATAS EXTREMAS: 1955-1960

VOLUME: 31 unidades de instalación.

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: esta xunta foi creada por Decreto de 25 de xuño de 1954 para dotar de enerxía eléctrica a entidades que carecían dela. Tiña como presidente ó gobernador civil e como vicepresidente ó enxeñeiro xefe da Delegación de Industria. Os vocais permanentes eran o presidente da Deputación e os presidentes das cámaras agrarias, un representante das cámaras de comercio e de Industria, accidentalmente, os alcaldes e os directores de empresas eléctricas. O seu cometido era elaboraren un plan concreto de electrificación, propoñerlle ó Ministerio de Industria as actuacións, emitir informes técnicos ou tramitar as peticións de materiais eléctricos entre outras.

FORMA E DATA DE INGRESO: aínda que dependía organicamente do Goberno Civil, o feito de que o xefe do Servizo de Cooperación fose vocal da Xunta, foi decisivo para que sempre se conservara na Deputación. Foi por este motivo polo que o Servizo de Cooperación llo transferira ó Arquivo.

CONTIDO: contén información sobre a paulatina electrificación da provincia.

ORGANIZACIÓN: o cadro de clasificación divídese en dúas seccións:

1. ADMINISTRACIÓN

- Actas
- Correspondencia

2. EXPEDIENTES DE ELECTRIFICACIÓN.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN:

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NO ARQUIVO: complementase coa propia documentación xerada polo Servizo de Cooperación.

Arquivo do Servizo de Inspección y Asesoramiento de las Corporaciones Locales.

NOME: FE 12. ADMINISTRACIÓN LOCAL. SERVICIO NACIONAL DE INSPECCIÓN Y ASESORAMIENTO DE LAS CORPORACIONES LOCALES

DATAS EXTREMAS: 1834 - 1985

VOLUME: 215 unidades de instalación

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: intégranse neste fondo documentos diferidos da función de control e tutela dos concellos, exercida polo xefe político dende 1835.

Neste fondo inclúese tamén a documentación derivada do SNIACCLL, órgano da administración central dependente da Dirección Xeneral de Administración Local do Ministerio da Gobernación, que nomeaba a uns funcionarios con habilitación de carácter nacional coas funcións inspectoras. Substitúe á Sección Provincial de Administración Local, dependente da Delegación de Facenda, tras unha inspección que puxo de manifesto o seu mal funcionamento en 1959. Distribúese normalmente por provincias pero neste arquivo aparece documentación relativa á inspección de todas as provincias galegas e tamén limítrofes coma León e Oviedo, debido a que están organizadas en delegacións rexionais. A súa amplitude cronolóxica abarca ata 1978.

Derivada da función de control en período preautonómico, asumida nesta provincia polo secretario da propia Deputación, consérvanse os extractos de acordos municipais remitidos polos concellos entre os anos 1979 e 1985.

FORMA E DATA DE INGRESO: transferencia normal pola Secretaría Xeral, Asesoría Xurídica ou Intervención desta Deputación.

CONTIDO: documentación de gran interese para os estudos de temática local xa que recollen acordos, visitas de inspección, queixas, reclamacións contra actuacións dos concellos e incluso orzamentos carcerarios. Considérase un fondo pechado.

ORGANIZACIÓN: presenta tres grandes seccións.

- Rexistros de correspondencia
- Acordos municipais
- Expedientes de visitas de inspección

Os acordos municipais recollen documentación referida ó control dos concellos, así como a derivada desa función propia da preautonomía galega dende os inicios da institución ata o ano 1985.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: dispón de inventario detallado en soporte tradicional e informatizado, cunha base de datos composta por 354 rexistros.

[Arquivo do Patronato de Viviendas de Funcionarios.](#)

NOME: FE 13. PATRONATO DE VIVIENDAS DE FUNCIONARIOS

DATAS EXTREMAS: 1963-1991

DATAS EXTREMAS DO PRODUCTOR: 1963-1991.

VOLUME: 8 unidades de instalación

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: o Padroado Provincial de Vivendas de Funcionarios foi aprobado polo Pleno da Deputación o 31 de xaneiro de 1963 para a construción de vivendas como entidade autónoma con personalidade propia e xurídica plena para o cumprimento dos seus fins. Desaparece en 1991 logo da definitiva financiación das vivendas.

FORMA E DATA DE INGRESO: documentación entregada en 1990 ó Arquivo logo do traslado de Escola de Enfermería, onde estaba depositada por coincidir os cargos de secretario da Escola e do Padroado. Non se esperan novos ingresos.

CONTIDO: contén antecedentes dun padroado de vivendas patrocinado polo Concello de Tui coas datas 1936-1964. Escaso valor, reducido ós afectados.

ORGANIZACIÓN: organizase en catro seccións:

1. ADMINISTRACIÓN
 - Libros de actas
 - Correspondencia
 - Memorias
 - Prensa
2. PATRIMONIO
3. OBRAS
4. CONTAS

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: dispón de inventario detallado en soporte tradicional e informatizado, cunha base de datos composta por 94 rexistros.

[Arquivo da Gota de Leche.](#)

NOME: FE 14. GOTA DE LECHE

DATAS EXTREMAS: 1931-1937

VOLUME: 3 unidades de instalación

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: este organismo foi creado en agosto de 1931 con cargo ó orzamento da Deputación como anexo á Inclusa, coa que comparte instalacións. O seu obxectivo, de carácter benéfico- sanitario, é a prestación médica e o subministro de leite ós

nenos de idade inferior ós catorce meses. O seu funcionamento comeza realmente no ano 1933 e dura ata 1934, data en que se decide a súa supresión polo escaso resultado obtido. Vólvese a abrir dous anos despois e en 1938 faise un convenio de cesión á Falange Española Tradicionalista y de las JONS, sección Auxilio Social, para manter aberta a institución e proporcionarlles leite ata os oito meses. Finalmente a Deputación convoca un concurso para a venda do material. Foi, por tanto, unha institución efémera, creada para evitar o alto risco de mortaldade infantil desta época.

FORMA E DATA DE INGRESO: custodiada polo Arquivo xunto á documentación propia da Inclusa e, o Hospicio dende o seu inicio. Non se esperan novos ingresos.

CONTIDO: este escaso fondo contén basicamente información sobre a posta en funcionamento da institución e cuestións de contabilidade.

ORGANIZACIÓN: divídese en dúas seccións:

1. Contabilidade
2. Administración.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: dispón de inventario detallado en soporte tradicional e informatizado, cunha base de datos composta por 5 rexistros.

[Arquivo da Inclusa Provincial.](#)

NOME: FE 15. INCLUSA PROVINCIAL

DATAS EXTREMAS: 1865-1955

DATAS EXTREMAS DO PRODUCTOR. 1872-1955

VOLUME: 418 unidades de instalación

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: a Inclusa de Pontevedra nace en 1872 para facerse cargo dos nenos abandonados. Antes da súa instalación a Deputación patrocinaba o coidado dos nenos expósitos ingresados na Inclusa do Hospital de Santiago de Compostela dende 1865. A dirección e administración correspóndelles a unha xunta ou comisión, composta polo presidente da Deputación, unha directora, que era a presidenta da Asociación de Señoras de la Casa Hospicio, e un interventor nomeado pola Deputación. A partir de 1878, debido a diversos problemas coa Xunta pola dimisión das señoras e da directora, a Inclusa, xunto co Hospicio, pasa de ser dirixida por unha Comisión de deputados formada polo presidente e catro vocais e administrada polas Irmás da Caridade; esta Comisión deixará de reunirse en 1925 pero a Inclusa segue funcionando ata 1955, ano no que se funde co Hospicio no Fogar Provincial.

Instalouse, nun primeiro momento, no convento de Santa Clara e foi trasladada en 1876 ó convento de Santo Domingo. En 1903 múdase de novo ó convento de xesuítas onde permaneceu ata a súa desaparición.

FORMA E DATA DE INGRESO: pola súa vinculación coa Deputación e a súa función benéfica sempre estivo depositada baixo a súa custodia. É un fondo pechado.

CONTIDO: ten un grande interese para o estudio da realidade social da infancia.

ORGANIZACIÓN: comprende tres seccións:

1. ADMINISTRACIÓN

- Actas
- Correspondencia
- Patrimonio

2. ACTIVIDADE

- Expedientes de expósitos
- Expedientes de nodrizas
- Expedientes de adopcións

3. CONTAS

CONDICIÓN DE ACCESO: este fondo ten acceso limitado por conter información confidencial polo que se require unha autorización expresa do presidente da Deputación para poder acceder a el.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: dispón de inventario detallado en soporte tradicional e informatizado, cunha base de datos composta por 128 rexistros.

BIBLIOGRAFÍA:

- *A Deputación de Pontevedra: 1836-1986*/ Miguel A. Pereira Figueroa. Páx. 363-370.

- *La Inclusa Provincial de Pontevedra: 1872-1894* / Elena Garnelo Mariñas. *Pontevedra: Revista de Estudios Provinciais* num. 4, páx. 143-152.

- *Algúns aspectos relativos á Inclusa de Pontevedra: 1872-1903* / Ana M^a Rodríguez Martín. *Pontevedra: Revista de Estudios Provincias* num. 16, páx. 73-84.

Arquivo do Hospicio.

NOME: F.E. 16. HOSPICIO - HOGAR

DATAS EXTREMAS DO FONDO: 1852-1968

DATAS EXTREMAS DO PRODUCTOR: 1854-1975

VOLUME: 188 unidades de instalación

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: a raíz da crise de subsistencia a que acompañou unha epidemia de cólera que asolou a provincia en 1853, a Deputación ve a necesidade de crear institucións benéficas para axudar a paliar os graves problemas que afectan a grandes colectivos de persoas. Así, no Pleno de 12 de abril de 1853 faise unha chamada ó clero e ás clases podentes para que busquen remedio ante tanta indixencia. Un grupo de mulleres, apoiadas polo xefe político, constitúen a Asociación Benéfica de Señoras, que dispón a creación da Casa Hospicio no mes de outubro. Compartían o establecemento anciáns, nenos, tullidos e dementes, que para acollelos debían de ser pobres de solemnidade e veciños da cidade de Pontevedra.

Instálase no convento de Santo Domingo compartindo local co cárcere de mulleres ata 1855. Depende economicamente da caridade pública, recibindo apoio do Goberno Civil e do Arcebispo de Santiago de Compostela. Entre os anos 1878 ata 1903 funciona administrada pola Xunta Superior da Casa Hospicio, composta polo cardeal arcebispo de Santiago, unha comisión de deputados e unha comisión do Concello de Pontevedra, coa novidade de incluírse as Fillas da Caridade, que controlan a administración e o réxime interior. Varios problemas co concello, que abandona a Xunta, por cuestións relativas á banda de música e outras, obrigan á hospicio a abandonar o local de Santo Domingo.

Ata 1885 estaba restrinxido ós nados ou veciños da capital. A partir de 1903 pasa ó convento de xesuítas e comeza a depender economicamente da Deputación. Entre 1930 e 1949 o abandono da xunta é absoluto. As Fillas da Caridade fan e desfán ó seu aire chegando mesmo a situacións de malos tratos. Co fin de transformar a situación toman a iniciativa o presidente da Audiencia da Xunta de Protección de Menores, e baixo a presidencia do presidente da Deputación celébrase unha Xunta do Padroado do Hospicio que incorpora a figura do administrador xeral. No ano 1953 fúndese nun só centro o Hospicio e a Inclusa para formar o Fogar Provincial, que funcionará ata 1976, data en que se crea a Cidade Infantil Príncipe Felipe.

FORMA E DATA DE INGRESO: derivada da función de beneficencia propia das deputacións e pola súa vinculación económica con ela, estes fondos estiveron sempre baixo a custodia do organismo provincial.

CONTIDO: ten grande interese para estudar a situación social da provincia

ORGANIZACIÓN: organízase en tres seccións, de acordo coas funcións desempeñadas e a tipoloxía documental.

1. ADMINISTRACIÓN

- Libros de actas
- Expedientes de sesións
- Expedientes de persoal
- Correspondencia

2. ACTIVIDADE

- Expedientes sanitarios
- Expedientes de hospicianos
- Expedientes de adopcións
- Banda de música

3. CONTAS

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: dispón de inventario detallado en soporte tradicional e informatizado, cunha base de datos composta por 228 rexistros.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NO ARQUIVO: pódese relacionar co fondo da Inclusa e o da Gota de Leche. Tamén coa documentación da Subsección de Beneficencia do Fondo Deputación.

BIBLIOGRAFÍA:

- *La Diputación de Pontevedra: 1836-1986.*
Miguel A. Pereira Figueroa e Xosé Fariña Jamardo
Páx.. 349-362

*Privados.

Arquivo da familia Caamaño

NOME: F.E. 1. ARQUIVO FAMILIAR CAAMAÑO

DATAS EXTREMAS: 1414 – 1895

VOLUME: 237 unidades de instalación.

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: a liñaxe dos Caamaño arranca na casa troncal de Noia, segundo o padre Crespo, con noticias coñecidas dende mediados do século XII. A primeira separación importante prodúcese con D. Álvaro de Caamaño, fundador da Casa de Romelle no actual concello de Zas, á que corresponde a maior parte deste fondo. Posteriormente incorpórase a Casa de Goiáns, os sucesores da cal crearán a Casa de Ferrol, tendo algúns deles vínculos coa Armada. A partir do tronco inicial xorden as Casas de Vista Alegre e Rubiáns co Marquesado de Vilagarcía, acumulados por Don Álvaro de Mendoza, que será obxecto dun longo preito pola súa posesión. O morgado de Nebra foi fundado en 1524 e vai ter como agregados os de Noal, Baroña, Queiruga, Oleiros, Ribasieira e Caamaño. Por último, os Caamaño entroncan coa familia Pardo herdando o Condado de Maceda xa no século XIX.

FORMA E DATA DE INGRESO: este fondo foille comprado ó anticuario D. Severo Pardo no ano 1983 e incorpórase a este Arquivo para o seu tratamento e custodia.

CONTIDO: moi interesante non só para a investigación xenealóxica senón tamén pola abundante información sobre a historia económica, a transmisión da propiedade e a administración do patrimonio no ámbito xeral de Galicia pois abarca as catro provincias. A documentación relativa a preitos é importantísima pola amplitude cronolóxica e refírese basicamente a cuestións patrimoniais e á sucesión de morgados e vínculos, das cales a máis importante é a que produce o Marquesado de Vilagarcía entre os séculos XVIII e XIX. Comprende documentación de varias casas e familias que por agregación converxen na familia Caamaño.

LINGUA: todo o conxunto documental aparece en castelán excepto algúns documentos en latín, francés e galego.

ORGANIZACIÓN: intentouse organiza-la documentación por casas e familias pero ó non ser posible pola dispersión que presentaba o fondo realizouse por series documentais considerando as diferentes familias como unha soa co seguinte cadro de clasificación:

1. DOCUMENTOS XENEALÓXICOS E HERÁLDICOS

- Xenealoxía / Árbores
- Probas de nobreza

2. DOCUMENTOS DE CARÁCTER PATRIMONIAL

- TRANSMISIÓN DA PROPIEDADADE

- Foros
- Vendas
- Permutas
- Doazóns e cesións
- Desembargos
- Arrendamentos
- Dotes
- Adquisicións
- Capitulacións

- ADMINISTRACIÓN DA PROPIEDADADE

- Inventarios de bens
- Cobros de rendas / Contas
- Obras e reparacións
- Pesca

3. DOCUMENTOS DE CARÁCTER SEÑORIAL

- Nomeamentos de cargos
- Beneficios
- Fundacións
- Morgados
- Bulas
- Títulos

4. DOCUMENTOS DE CARÁCTER XURÍDICO

- Preitos
- Poderes

5. OFICINA DA CASA. ARQUIVO

- Correspondencia
- Índices documentais
- Certificacións eclesiásticas

6. OUTRA DOCUMENTACIÓN

- Asuntos militares
- Varios

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: elaborouse para este fondo un cadro de clasificación coa información máis xenérica e un inventario detallado, moi pormenorizado, cáseque a nivel de documento, ós que se pode acceder tanto en soporte tradicional como informatizado, mediante base de datos cun total de 3.690 rexistros.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NO ARQUIVO: na colección documental Gaspar Massó existen documentos de carácter heráldico por entronques coa familia Sotomayor.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NOUTROS ARQUIVOS: no Arquivo do Reino de Galicia na Coruña custódíase o arquivo da familia Caamaño y Lamas, adquirido por compra en 1988 e cunha etapa cronolóxica que abrangue de 1687 a 1730. Na Fundación Penzol de Vigo e na biblioteca de Vilagarcía consérvase documentación relativa ó marquesado de Vilagarcía.

Arquivo familiar de la Casa Porto.

NOME: F.E. 2. CASA PORTO – BRIALLOS

DATAS EXTREMAS: 1559 – 1882

VOLUME: 7 unidades de instalación

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: relacionada cos antepasados da familia Porto con casa matriz na parroquia de Briallos, do actual concello de Portas. Esta documentación conta cunha boa organización.

FORMA E DATA DE INGRESO: comproulla a Deputación a solicitude do Arquivo a unha casa de antigüidades rexentada por Severo Pardo.

CONTIDO: importante fondo documental con abundantes testemuños dos séculos XVI e XVII. Contén moita información de carácter xenealóxico e tamén económico. Non se esperan novos ingresos polo que se consideran un fondo pechado.

ORGANIZACIÓN: cando foi adquirida presentaba unha organización por parroquias pertencentes á provincia de Pontevedra e ó partido de Betanzos, provincia da Coruña. Na actualidade mantén esta mesma organización.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: está descrito a nivel de inventario somero, con fichas manuais en papel e unha base de datos cun total de 14 rexistros, na espera de profundizar na súa descrición a nivel de documento.

Colección documental Gaspar Massó.

NOME: FE 5. COLECCIÓN DOCUMENTAL GASPAR MASSÓ

DATAS EXTREMAS: 1535-1859.

VOLUME: 1 unidade de instalación.

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: a familia Masso é unha das moitas familias catalanas que se trasladaron a Galicia nos albores da industrialización para aproveitar basicamente os recursos pesqueiros. Asentáronse en Bueu e puxeron en marcha varias industrias espalladas polo Morrazo nos concellos de Cangas, Bueu e Vigo. Gaspar Massó (1893-1991), historiador e polígrafo, naceu no ano 1893. Industrial conserveiro, publicista e escritor, foi autor de libros como *Pedro Madruga, caudillo feudal*, do que se inclúen neste fondo algunhas ilustracións. Enriqueceu así mesmo o *Diccionario da Real Academia Española*, do que foi membro, con abundantes achegas técnicas. Tivo relación coa Deputación Provincial na época de Daniel de la Sota, colaborando na fundación do Museo Provincial e o establecemento da Misión Biolóxica.

FORMA E DATA DE INGRESO: este fondo foille doado polo propio Gaspar Massó ó Arquivo da Deputación en 1982.

CONTIDO: a documentación foi reuniuna o doante para os seus estudos sobre Pedro Madruga e a familia Sotomayor, relacionada coa familia Caamaño, que asume o Condado de Maceda. O seu maior interese e achega de xenealoxías.

ORGANIZACIÓN: o feito de ser unha colección documental conleva unha descrición pormenorizada dos documentos sen organización específica.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: catálogo e inventario de documentos accesibles a través de fichas manuais e informatizadas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NO ARQUIVO: como queda expresado relaciónase co Fondo Familiar Caamaño, completando os documentos xenealóxicos principalmente.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NOUTROS ARQUIVOS: arquivo Sotomayor depositado no Museo de Pontevedra.

Arquivo da familia Malvar.

NOME: FE 8. FAMILIA MALVAR. PALACETE DE SALCEDO

DATAS EXTREMAS: 1442-1969

VOLUME: 15 unidades de instalación

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: documentación relacionada cos antepasados da familia Malvar, propietaria do palacete de Salcedo. Esta propiedade foi adquirida pola Deputación para instalar a Misión Biolóxica e, posteriormente cedeulla ó Consello Superior de Investigacións Científicas CSIC.

FORMA E DATA DE INGRESO: este fondo foi depositado no Arquivo no ano 1997 desde o palacete de Salcedo polas xestións feitas co director da Misión Biolóxica e este arquivo, no interese de todas as institucións implicadas en conservar e poñer ó alcance dos cidadáns e dos investigadores esta documentación, estudiada no seu día polo bibliógrafo e erudito Antonio Odriozola.

CONTIDO: contén basicamente documentación relacionada coa evolución familiar, co cobro de rendas e coas propiedades e casas da familia localizadas nas actuais catro provincias galegas. Estas son as casas de Vilerma e Eiroas na provincia de Ourense, a casa da Touza na de Pontevedra, a de Toiriz en Lugo e as de Periscal, Noia e Xallas na Coruña. Ten grande importancia histórica para estudar as xenealoxías e a historia económica dos séculos XVI e XVII coa súa complicada rede de aproveitamento e xestión. Entre os membros da familia atópase Sebastián Malvar Pinto, foi bispo de Bos Aires en 1778 e arcebispo de Santiago no ano 1783. Das súas accións no Novo Mundo destaca o enfrontamento co virrei, un crioulo con tendencias progresistas, e a implicación no sofocamento da rebelión encabezada polo inca José Gabriel Tupacamaru, que lle valeu o nomeamento no arcebispado compostelán. Aquí fomentou construcións coma a vía entre Santiago e Pontesampaio e a fundación dun montepío para labradores e artesáns. Morreu en 1795 e foi soterrado na capela maior da catedral. Tamén se debe reseñar Joaquín Malvar, conde de Malvar, que participou en diversos feitos militares durante a guerra da Independencia e foi deputado e senador pola cidade da Coruña. Considérase un fondo pechado.

ORGANIZACIÓN: está organizado en base ás diferentes casas que o compoñen.

- Correspondencia xeral
- Casa de Vilerma
- Casa de Toiriz
- Casa das Eiroas
- Casa de Periscal

- Casa de Noia e Xallas
- Casa da Touza
- Casa de Salcedo
- Casa de Domaio

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: descrita a nivel de inventario con fichas manuais e base de datos xeral, está prevista a súa descrición máis detallada.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA NO ARQUIVO: ten relación cos fondos das familias Caamaño e Porto, depositados neste Arquivo.

Arquivo da familia Mosquera.

NOME: FE 9. FAMILIA MOSQUERA

DATAS EXTREMAS: 1674-1961

VOLUME: 1 unidade de instalación

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: correspóndelle á familia Mosquera, radicada no contorno da cidade de Santiago e nos concellos de Arzúa e Enfesta. Contén testemuños dende Matías Mosquera Martínez e algúns antecedentes relativos ás súas propiedades e foros. Continúa a saga con Andrés Mosquera Blanco, Matías Mosquera Suárez, Andrés Mosquera Leborán e José Mosquera Pérez, ós que corresponde a totalidade dos dondos agás algúns relativos a familiares políticos. José Mosquera Pérez naceu no concello de Enfesta. Estudiu Humanidades e Maxisterio en Santiago e entregouse á causa galeguista. Nos anos trinta popularizou o personaxe “O vello dos contos” na Unión Radio Galicia, facendo campaña polo Estatuto de Galicia en 1936. Foi membro correspondente da real Academia Galega e morreu en 1965.

FORMA E DATA DE INGRESO: esta documentación foi entregada en depósito por Bernardo J. Mosquera Souto, interventor desta Deputación, nos anos previos á súa xubilación.

CONTIDO: contén información sobre foros e modificacións do patrimonio familiar de interese para o estudo da historia económica de Galicia.

ORGANIZACIÓN: estableceuse segundo un criterio cronolóxico.

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: descrita a nivel de inventario e catálogo, pode accederse a través do ficheiro manual e da base de datos xeral.

Arquivo da familia Domínguez Sánchez.

NOME: FE 17. FAMILIA DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ

DATAS EXTREMAS: 1678-1963

VOLUME: 2 unidades de instalación

HISTORIA DA INSTITUCIÓN: documentación relacionada cos antepasados da familia Domínguez Sánchez, con casa matriz na vila de Pontearreas e referencias ó seu contorno, especialmente no antigo concello de Setados.

FORMA E DATA DE INGRESO: doazón do anticuario Severo Pardo en 1998 para que se custodiase e tratase adecuadamente.

CONTIDO: constitúe un importante fondo documental para poder estudar a propia familia e a súa xestión patrimonial . A maior parte alude ó aproveitamento económico das propiedades de Vicente Domínguez Vidal, o seu fillo Juan Domínguez Sánchez e o sogro Álvaro Sánchez. Contén tamén documentación relativa ó escribán Antonio Durán de Castro, veciño das Neves.

ORGANIZACIÓN: organizouse por familias

- Familia Domínguez
- Familia Sánchez
- Documentación adxacente

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN: inventario e catálogo en fichas manuais e informatizadas.

-COLECCIÓN AUDIOVISUAIS

Componse dun conxunto de materiais en diferentes soportes e con información de diversas procedencias, formatos e tratamentos, que contan xa cos suficientes instrumentos de descrición para o seu coñecemento e manexo.

Este conxunto de coleccións divídese, atendendo ó seu soporte, formato, función e aplicación, en tres grandes seccións:

***Imaxe fixa**

que recolle, xunto coa excepcionalidade da exposición artística de Mail-Art depositada no seu día, especialmente as coleccións de fotografías, postais antigas e gravados, ademais doutros materiais proxectables (*diapositivas, filminas, transparencias,*

estereografías), fotolitos e un amplo número de microformas, que teñen a característica común de achegar unha información importante mediante a imaxe fixada en diferentes soportes.

Son un total de 8.509 unidades, nas que hai 1.101 postais, 5.326 fotografías, 4 estampas, 1.507 diapositivas, 94 fotolitos, 120 negativos, 5 láminas e 352 microfílm.

Con libre acceso e consulta e posibilidade de reprodución en moitos casos, dispoñen este conxunto de coleccións os seguintes instrumentos de descrición:

**Inventario topográfico de fotólitos, derivados do continuo funcionamento do Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, con máis de 220 exemplares.*

**Mail-Art. Catálogo da exposición por países levada a cabo dentro da Bienal de Arte do ano 1983.*

**Base datos de imaxe fixa, elaborada en FileMaker Pro, de Claris Corporation, e compilada en Developer, con máis de 8.216 rexistros e unha descrición individualizada dos diferentes soportes, especialmente fotografías e postais antigas.*

**Inventario de microfílm:* inventario topográfico das diferentes microformas coas que se contan: as coleccións practicamente completas do BOP e do BOE, o Interrogatorio do Catastro Marqués da Ensenada de 1753 relativo á totalidade das provincia galegas e un conxunto de documentos soltos do arquivo de Simancas relativos a Pontevedra.

***Audiovisual**

con películas, vídeos e DVD. A súa variada temática abarca dende actos institucionais e actividades da Deputación a outros campos coma a arte o turismo ou a etnografía, tendo como referencia a provincia de Pontevedra e o territorio da Comunidade Autónoma Galega, tanto na súa temática coma na súa autoría.

Por adquisición a Escola de Imaxe e Son de Vigo e Producciones Vigo, mediante convenio, disponse de 300 proxectos de creación en vídeo e celuloide realizados polos seus alumnos, profesorado e profesionais; algo similar se vai facer coa Escola de Imaxe e Son da Coruña.

A estes engádense 326 videocasetes, 43 DVDs e 1 CD.

Con libre acceso e consulta e posibilidade de préstamo, dispoñen este conxunto de coleccións os seguintes instrumentos de descrición:

**Base datos de audiovisual, elaborada en FileMaker Pro, de Claris Corporation, e compilada en Developer, con cerca de 370 rexistros cunha descrición individualizada dos diferentes soportes, especialmente celuloide, vídeo, CD e DVD.*

**Inventario topográfico de vídeos, cun total de 326 títulos.*

**Inventario topográfico de películas, con cinco películas de 8mm.*

***Gravacións sonoras**

compostos por discos de lousa e vinilo, casetes, discos compactados de audio e vídeo e gravacións en cintas magnetofónicas, con contidos tanto musicais coma de actividades diversas (conferencias, actuacións, Plenos...)

Son un total de 118 casetes, 294 vinilos en diferentes tamaños, 151 CDs, 11 pizarras e 119 bandas magnéticas.

**Base datos de audio*, elaborada en FileMaker Pro, de Claris Corporation, e compilada en Developer, con 693 rexistros e unha descrición individualizada dos diferentes soportes, especialmente cintas magnetofónicas, casetes, discos de lousa e vinilo e discos compactos.

**Inventario cronolóxico de gravacións* de plenos, xornadas e actos da Deputación e reunións da Mesa de Negociación.

**Inventario de gravacións discográficas (lousa, vinilo, casetes..)*